

## PREMIOS

### INDIVIDUAL

Premiaranse en cada categoría SEIS PREMIOS en cada modalidade:

**CATEGORÍA A (6 premios modalidade redacción + 6 premios modalidade audiovisual)**

- 1º PREMIO tablet 10.1" 16 GB
- 2º PREMIO libro electrónico 6" 8GB
- 3º PREMIO cámara fotos deportiva
- 4º PREMIO smartwacht bluetooth
- 5º PREMIO auricular bluetooth+micro
- 6º PREMIO power bank 4400mAh

**CATEGORÍA B (6 premios modalidade redacción + 6 premios modalidade audiovisual)**

- 1º PREMIO tablet 10.1" 16 GB
- 2º PREMIO libro electrónico 6" 8GB
- 3º PREMIO cámara fotos deportiva
- 4º PREMIO smartwacht bluetooth
- 5º PREMIO auricular bluetooth+micro
- 6º PREMIO power bank 4400mAh

### GRUPAL (3persoas/grupo)

\*\*Soamente permitida no caso da modalidade audiovisual. Neste caso os premios serán:

**CATEGORÍA A** (unha tablet para cada membro do grupo).

**CATEGORÍA B** (unha tablet para cada membro do grupo).

O día da entrega de premios sortearase dous **DICIONARIOS de Lingua Galega**, entre o alumnado participante no concurso. **A maiores todos/as os/as participantes deste concurso recibirán un agasallo.**

**O DÍA DA ENTREGA DOS PREMIOS SERÁ EN MAIO.** Despois da entrega de premios procederase á lectura das verbas

premiadas. A hora, data e lugar queda pendente de concertarse cos centros para a súa mellor comodidade. No caso de ser necesario un cambio na data, hora ou lugar de entrega comunicariase previamente ás persoas interesadas. As persoas premiadas que non estuden nestes centros serán avisadas para que veñan a recoller o agasallo ou no seu caso o premio, se lles corresponde algún.

## O XURADO

O xurado premiará SEIS traballos en cada unha das categorías para ambas modalidades. O concurso poderá declararse deserto, no seu conxunto ou nalgunha das categorías anteriormente mencionadas, se así o estiman os/as membros do xurado. A decisión do xurado será pública e inapelable.

O xurado estará conformado pola Presidenta, que será a concelleira de Xuventude ou persoa en quen delegue, e esta non terá voto; por catro vogais con voz e voto que serán os mestres/as de lingua e literatura galega de cada centro escolar. Actuará como secretaria e levantará acta da sesión a Técnica de Xuventude.

**A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA QUE A PERSOA ACEPTA INTEGRAMENTE ESTAS BASES.**

**MÁIS INFORMACIÓN E BASES:** Concellería de Xuventude - OMIX, r/Peirao, 8 – 36690 – Multiusos (Arcade) Teléfono.: 986 700

822, [omix@soutomaioir.com](mailto:omix@soutomaioir.com),

[www.soutomaioir.com](http://www.soutomaioir.com)

[www.gabinetesoutomaioir.com](http://www.gabinetesoutomaioir.com)



Concello de  
**SOUTOMAIOR**  
PONTEVEDRA



**VERBAS PARA COMUNICAR**

**CONCURSO**

**Prazo de Presentación**

**Do 6 de Marzo**

**23 Abril 2017**

**LETRAS GALEGAS**

**Máis información e entrega na OMIX**

**Día das Letras Galegas**

**CONCELLO DE SOUTOMAIOR**

**X CONCURSO "VERBAS PARA... Comunicar"**  
Promoción do uso da lingua galega entre a mocidade e conmemoración do día das Letras Galegas.

**Modalidades:**

1) **Redacción:** dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., So presentación individual.  
O tamaño do texto non poderá ser superior ás 12 liñas.  
O soporte será o papel ou cartolina e o seu tamaño non poderá superar un folio A4, pero si poderá ser inferior a este.  
O formato de presentación do papel ou cartolina será libre.

2) **Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) e audio (tema musical) cunha duración máxima de 5 minutos. Pode presentarse de xeito individual ou grupal.  
Pode ser gravado con mobil ou cámara.  
Aceptátese tamén en calidade HD.  
Obrigatorio que teña menisaxe en galego escrita ou verbal.

**Temas e estilo**

- **Destinatarios:**  
- Mozos e mozas matriculados/as nalgún curso da ESO, FP ou Bacharelato que estuden no Colexio Manuel Padín Trolleiro ou no Colexio Santiago Apostol.  
- Mozos e mozas que estean empadroados/as no Concello de Soutomaioir e non superen os 20 anos.

- **Categorías:**  
**Categoría A:** idades de 12 a 14 anos.  
**Categoría B:** idades de 15 a 20 anos.

- **Prazo de presentación:** desde o 6 de marzo a 28 de abril.

Entrega de premios en maio para conmemorar o

Consulta as bases na OMIX ou en:  
[www.soutomaioir.com](http://www.soutomaioir.com)  
[www.gabinetesoutomaioir.com](http://www.gabinetesoutomaioir.com)

Twitter Facebook YouTube

\* INFO \* BASES

## BASES DO X CONCURSO “VERBAS PARA... COMUNICAR”

ANO 2017

Co gallo do Día das Letras Galegas o Concello de Soutomaior, a través da Concellería de Xuventude, promove este concurso que interrelaciona a comunicación, a mocidade e a lingua galega.

O Concurso “VERBAS PARA... COMUNICAR” consiste na presentación dun traballo en lingua galega que pode vir presentado en formato redacción ou audiovisual nas que o texto transmita unha idea, sentimento, opinión, etc., que nos gustaría compartir con outras persoas.

### OBXECTIVOS:

- Favorecer a participación da mocidade para que expresen e comuniquen o que a mocidade sente, pensa ou quere dicir a outras persoas, entidades,...
- Normalizar e fomentar o uso da lingua galega entre a mocidade, fóra de contextos formais e institucionais, dun xeito atractivo e lúdico.
- Relacionar os usos da lingua galega con contextos culturais actuais e potenciar os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna rachando estereotipos.

### DESTINATARIOS/AS:

- Mozos e mozas matriculados/as nalgún curso da ESO, FP ou

Bacharelato que estuden no Colexio Manuel Padín Troiteiro ou no Colexio Santiago Apostol.

- Mozos e mozas que estean empadroados/as no Concello de Soutomaior e non superen os 20 anos.

### DATOS XERAIS:

A temática será libre.

Todos os traballos que se envíen en calquera das modalidades **deberán estar expresados correctamente en lingua galega, sen faltas de ortografía.**

Cada persoa ou grupo poderán presentar un **único traballo** que deberá ser inédito.

A organización **desbotará e non entrará en concurso aqueles traballos que conteñan mensaxes discriminatorias, sexistas, violentas, groseiras ou ofensivas.**

**Os traballos premiados quedarán á disposición do Concello.** O resto devolveranse despois do día da entrega de premios se así o solicitan os/as autores/as ou centros de orixe.

**Os traballos premiados exporanse na páxina web do Concello, no apartado da Concellería de Xuventude,** para que poidan ser consultados por todas as persoas interesadas.

[www.soutomaior.com](http://www.soutomaior.com)

[www.gabinetesoutomaior.com](http://www.gabinetesoutomaior.com)

E, tamén se lles dará repercusión a través das **redes sociais** empregadas pola Concellería: facebook, twitter, etc.

### MODALIDADES:

**1) Redacción:** dun texto en lingua galega que transmita unha idea, sentimento, opinión, etc.,. Só presentación individual. O tamaño do texto non poderá ser superior ás 12 liñas.

O soporte será o papel ou cartolina e o seu tamaño non poderá superar un folio A4, pero si poderá ser inferior a este. O formato de presentación do papel ou cartolina será libre.

**2) Audiovisual:** elaboración dun vídeo (curta) e audio (tema musical) cunha duración máxima de 5 minutos. Podere presentarse de xeito individual ou grupal (3 persoas). Presentar en USB. Pode ser gravado con móbil ou cámara. Acéptanse tamén en calidade HD. Obrigatorio que teña mensaxe en galego escrita ou verbal.

### CATEGORÍAS:

Categoría A: idades de 12 a 14 anos.

Categoría B: idades de 15 a 20 anos.

### CRITERIOS DE VALORACIÓN:

Teranse en conta os seguintes **criterios:** presentación, calidade creativa e estética, orixinalidade da obra, riqueza de vocabulario, expresividade lingüística, idade dos/as participantes e o grao de elaboración do contido en relación á conmemoración do día das Letras Galegas e ó fomento do seu uso diario.

## PRAZO DE PRESENTACIÓN E LUGAR DE ENTREGA DOS TRABALLOS

O prazo de presentación dos traballos **REMATARÁ O 28 DE ABRIL ÁS 20,30 HORAS.**

Poderán presentarse a partir do 1 de marzo na OMIX. Entrega de premios en maio para conmemorar o día das Letras Galegas.

**No traballo presentado NUNCA poderán aparecer os datos persoais da persoa ou persoas** que o presentan. Estes datos deberán ir nun folio a parte para que logo poidamos codificalos e posteriormente identificalos. Deberán entregarse dentro dun sobre pechado na OMIX.

**Tamén se poden presentar de maneira individual ou ben en grupo a través dos centros escolares.** Si se entregan a través dos centros, cada centro deberá encargarse de numerar os traballos presentados e, nun folio aparte, escribir o número que lle corresponde a cada un xunto **cos seguintes datos persoais dos/as autores/as:**

- ❖ Nome e apelidos (persoa/s que participan)
- ❖ Modalidade e categoría
- ❖ Idade/s
- ❖ Lugar de residencia e contacto

**É moi IMPORTANTE que isto se faga así, para que a organización poida clasificar e identificar os traballos para garantir o anonimato das persoas participantes cando o xurado se reúna para resolver o concurso.**